Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Ditos e refráns dos cogomelos] Cacaforra comida, nin herba nin manciña

Cacaforra comida, nin herba nin manciña

Cacaforra da morte (Amanita phalloides)

Este cogomelo provoca a case totalidade de intoxicacións mortais. Cando se apaña sen volva e se estraga o anel, pode confundirse con cogomelos comestibles de coloración semellante, como as Netorras esverdeadas.

Unha cacaforra no cesto fai perder o resto

As Netorras moitos coñécenas só por ser acelmes. A Cacaforra da morte non ten mal sabor e entra no cesto facilmente; se a mira un bo coñecedor de cogomelos xa de contado tira con todo.

Amanita phalloides (Mortal) polo cor esverdeado do sombreiro, pero as Netorras , como neste caso a Netorra (Russula virescens), non teñen anel nin volva

Quen erra coas cacaforras pronto lle chega a hora

Ás veces é moi difícil recoñecer a especie das Netorras; son o único xénero do que pode ser determinada a comestibilidade con unha proba empírica: é suficiente mascar un anaquiño e descartar as especies con sabor claramente agre.

Non quere dicir que todas as Russulas agres sexan tóxicas. Para tal diagnóstico é necesário recoñecer con certeza que se trata do xénero Russula, doutro modo unha Amanita phalloides, mortal, que non ten sabor agre, podería ser trocada con unha Netorra verde, comestible

[Texto e foto achegados por Cristovo Ruíz Leivas]



BIBLIOGRAFÍA

RUÍZ LEIVAS, Cristovo / EIROA GARCÍA-GARAVAL, Juan A., Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos, Cadernos de Fraseoloxía Galega, 4, 2002, páx. 363-379.